

Lino Díaz Goás, Secretario do Sector de Autonómica da UGT Servizos Pùblicos de Galicia, con domicilio a efectos de notificación no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, en San Caetano s/n, Local Sindical de UGT, con dirección de correo electrónico [sindicato-uxt@xunta.gal](mailto:sindicato-uxt@xunta.gal), presento as seguintes

## **ALEGACIÓN S AOS BAREMOS DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DA LEI 20/2021**

### **CONSIDERACIÓN S PREVIAS:**

Atendendo ao expresado pola administración, durante a negociación da OPE extraordinaria correspondente á execución dos procesos derivados da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, UGT considera imprescindible:

- A concreción das prazas a ofertar, incluídas nos procesos derivados tanto da aplicación do artigo 2, como das disposicións adicionais sexta, séptima e oitava.
- A delimitación estruturada dos ámbitos que determina o órgano competente para realizar a convocatoria.

Ao respecto da segunda das cuestións formuladas, e durante a negociación da OPE extraordinaria da estabilización, quedou meridianamente claro que os procesos correspondentes ás Entidades Instrumentais do ámbito do artigo 45.b da LOFAXGA, será realizada, a dita convocatoria, polos propios Entes, non así aqueles que se regulan polo artigo 45.a, nos que parece existir unha certa “nebulosa” non definida ao respecto da correspondencia ou non das convocatorias.

Ante o anterior, UGT solicita a este respecto que a Dirección Xeral da Función Pública proceda á convocatoria daqueles Entes Instrumentais integrados no seu ámbito, ao amparo da aplicación do Decreto 129/2012, realizando o resto os propios entes instrumentais.

Xustificase a anterior solicitude en que consideramos que non constitúe ámbito propio da Dirección Xeral da Función Pública as cuestións de regulación da selección de persoal dos entes non integrados.

As bases e baremos que regularán os procesos nos entes non integrados (artigo 45.a LOFAXGA) ao igual que as dos entes correspondentes ao artigo 45.b, terán iso si, ás consideracións xerais das bases e baremos que se acorden para o resto da Administración Xeral, adaptándoas ás especificidades e peculiaridades que lle sexan propias.

Co fin de dar cumprimento ao artigo 50.3 da LEPG, UGT solicita que os procesos realizados polo sistema de concurso, sexan realizados en primeiro lugar, aos efectos de que aquelas persoas que os superen e obteñan praza, non participen no proceso de concurso-oposición á mesma escala, corpo, escala ou categoría.

## PROCESO DE CONCURSO - OPOSICIÓN

De conformidade co establecido no artigo 56.3 da LEPG, a valoración da fase de oposición será o 60% da puntuación total e a da fase de concurso do 40% da puntuación total. Ao total do proceso outorgaráselle unha valoración de 100 puntos.

A fase de oposición: (60% da puntuación total)

Constará de exercicios preferentemente tipo test, a súa puntuación máxima será de 60 puntos. Debe indicarse que subgrupos realizarán só exercicios tipo test. Propone a acumulación de probas nun só exercicio, debendo ser puntuados só con unha nota.

Aquelhas persoas aspirantes que non acrediten a posesión da titulación acreditativa **requirida** do coñecemento da lingua galega, **correspondente ao grupo ou subgrupo ao que se presenten**, deberán realizar un exercicio eliminatorio tipo test, que será cualificado como apto ou non apto, tendo neste último caso carácter eliminatorio.

Os exercicios, de ser eliminatorios, propónse o non desconto das preguntas respondidas erroneamente.

A fase de concurso será o 40% da puntuación total.

A data de referencia dos méritos será a data da ~~entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro convocatoria do proceso selectivo.~~

Os puntos obtidos na fase de concurso non se poden utilizar para superar a fase de oposición. A fase de concurso realizarase tras a superación da fase de oposición. As puntuacións obtidas nesta fase de concurso sumaranse ás dos exercicios da fase de oposición para determinar a puntuación e a orde final da relación de persoas aprobadas das fases de oposición e concurso.

As persoas aspirantes na súa solicitude realizarán unha autoavalía, indicando a puntuación máxima que consideran acreditada. A autoavalía, deberá ir acompañada dos documentos que reflectan os méritos alegados na mesma para a súa validación polo tribunal correspondente. Este procedemento, así realizado, permitirá o coñecemento previo das puntuacións por parte das persoas aspirantes, o que en virtude da nota de corte establecida evitará, se así se decide, a concorrencia e consecuente pago das taxas e presentación de solicitudes.

Os méritos se cualificarán de acordo co seguinte baremo:

### 1. Méritos profesionais: Ata un máximo de 30 puntos.

- a. Por servizos prestados na Administración Xeral da Xunta de Galicia ~~eu no sector público da Xunta de Galicia e/ou nas entidades do seu sector público,~~ na mesma escala ou categoría profesional, 0,125 puntos por mes traballado, ata un

máximo de 30 puntos. Ademais, por cada dez anos traballados na Administración Xeral ou no sector público da Xunta de Galicia, incrementarase a puntuación en 5 puntos ou na súa parte proporcional. Non sendo válida para ámbolos dous supostos. 20 anos máximo

- b. Por servizos prestados na Administración Xeral da Xunta de Galicia e/ou nas entidades do seu sector público, noutras escalas ou categorías profesionais, 0,075 puntos por mes traballado ata un máximo de 30 puntos. Ademais, por cada dez anos traballados na Administración Xeral ou no sector público da Xunta de Galicia, incrementarase a puntuación en 5 puntos ou na súa parte proporcional. Non sendo válida para ámbolos dous supostos. 33 anos máximo
- c. Por servizos prestados noutras Administracións públicas distintas da Xunta de Galicia e/ou nas entidades do sector público, distinto do da Xunta de Galicia na mesma escala ou categoría profesional, 0,070 puntos por mes traballado ata un máximo de 30 puntos. 35 anos máximo
- d. Por servizos prestados noutras Administracións públicas distintas da Xunta de Galicia e/ou nas entidades do seu sector público, distinto do da Xunta de Galicia, noutras escalas ou categorías profesionais, 0,065 puntos por mes traballado ata un máximo de 30 puntos. 38 anos máximo

En relación ao indicado con anterioridade, os servizos prestados computarán por igual a efectos de selección dunha praza na Administración Xeral ou nas entidades do seu sector público. Non obstante, o incremento de puntuación (factor multiplicador) só será válido na selección dunha praza de igual procedencia que aquela/as que aportan a puntuación por antigüidade, non sendo válida en caso contrario. Esta situación será asimilable aos servizos prestados en distintas entidades do sector público da Xunta de Galicia, sendo válida só na selección dunha praza na entidade que aporta a experiencia profesional.

## 2. Outros méritos: ata un máximo de 10 puntos a obter entre os seguintes:

- a) Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación **impartidos ou recibidos**, organizados e impartidos directamente por:
  - a. Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
  - b. Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)
  - c. Instituto Nacional de Administración Pública (INAP)
  - d. Escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas
  - e. Cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap)
  - f. Cursos de formación, impartidos ou recibidos, organizados por universidades, organismos públicos ou privados, sempre e cando estean homologados e acreditados polas Administracións públicas.
  - g. Cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estivesen homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
  - h. Cursos financiados ao amparo de programas da Administración que

habiliten para a acreditación de certificacións das Cualificacións Profesionais (INCUAL)

- i. Cursos organizados e impartidos polos Entes Instrumentais
- j. Consellerías.
- k. Cursos das Universidades que non formen parte de titulacións académicas.

Para a súa baremación, as accións formativas deberán ter unha duración de 8 horas ou superior.

Para os efectos de puntuación desta epígrafe consideraranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP

**A puntuación máxima deste apartado será 5 puntos.**

- 1) Cursos impartidos de formación oficial das administracións públicas (valorarase con 0,015 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 3 puntos por curso). **333 horas máximo**
- 2) Cursos recibidos de formación oficial das administracións públicas (valorarase con 0,0075 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 1,5 puntos por curso). **666 horas máximo**
- 3) Cursos impartidos de formación oficial das universidades, organismos públicos ou privados, sempre e cando estean homologados e acreditados polas Administracións públicas. Así como das entidades do sector público autonómico (valorarase con 0,01 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 3 puntos por curso). **500 horas máximo**
- 4) Cursos recibidos de formación oficial das universidades, organismos públicos ou privados, sempre e cando estean homologados e acreditados polas Administracións públicas. Así como das entidades do sector público autonómico (valorarase con 0,005 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 1,5 puntos por curso). **1.000 horas máximo**

b) Galego: coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso **ata un máximo de 2,5 puntos.**

- Celga 3 ou equivalente: **0,5 puntos.**
- Celga 4 ou equivalente: **1 punto.**
- Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: **2 puntos.**
- Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: **2,5 puntos.**

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

- c) Pola superación de exercicios de procesos selectivos nesta Administración ~~ou nos seus entes instrumentais en convocatorias nos dez últimos anos anteriores ao remate de presentación de solicitudes~~, de procesos selectivos, ~~na última convocatoria que corresponda~~, para o acceso á mesma escala ou categoría profesional ata un máximo de 2,5 puntos, 1,25 puntos por ejercicio superado.
- d) Por estar inscrito nas listas de contratación temporal elaboradas ao abeiro do Decreto 37/2006, ~~ou anteriores derogados polo mesmo, ou nas listaxes de agarda propias existentes nas entidades do sector público autonómico, e ter prestado servizos ao abeiro das mesmas na escala ou categoría profesional. Así como, ter superado proba selectiva para a provisión de posto de persoal temporal, e ter prestado servizos ao abeiro da mesma na escala ou categoría profesional, ou acceder por selección realizada ao abeiro do regulado no artigo 7.5.b.1.2 do VCCU: 1,25 puntos.~~
- e) Pola posesión de titulación académica igual ou superior á esixida como requisito de acceso para a escala ou categoría profesional, valorarase 1,25 puntos por titulación, **ata un máximo de 2,5 puntos**. Non se valorará a titulación achegada como requisito para o acceso.
- f) Outorgaranse 0,01 puntos por mes a aquellas persoas aspirantes que estean gozando ou gozasesen nos cinco anos anteriores ao remate do prazo de presentación de solicitudes dunha excedencia por coidado de fillos/as ou familiares; ou de permiso de lactación; ou de permiso por parto; ou de permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento; ou de permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, adopción ou garda con fins de adopción dun fillo ou filla. Esta circunstancia de ser o participante persoal da Administración da Xunta de Galicia incluído no ámbito de competencias da Dirección Xeral da Función Pública, apreciarase de oficio. A puntuación por este apartado non poderá superar os **0,5 puntos**.

## PROCESO DE CONCURSO

O proceso selectivo será o concurso. De conformidade co disposto nas disposicións adicionais sexta, séptima e oitava da Lei 20/2021, a valoración de méritos supón o 100% da puntuación do proceso selectivo. Os méritos computaranse sobre un máximo de 100 puntos coa desagregación seguinte:

- a) Méritos profesionais: ata un máximo de 80 puntos.
- b) Outros méritos: ata un máximo de 20 puntos a obter entre os seguintes: cursos de formación (ata 10 puntos), coñecemento de lingua galega (ata 5 puntos), outras titulacións académicas diferentes ás do requisito de acceso (ata 2,5 puntos), superación de exercicios última convocatoria dos procesos selectivos correspondentes (ata 5 puntos), inscrición en listas de contratación e prestación de servizos na mesma categoría ofertada (ata 2,5 puntos), excedencias ou permisos (0,5 puntos).

A data de referencia dos méritos será a data da ~~entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro~~ convocatoria do proceso selectivo.

Aquelhas persoas aspirantes que non acrediten a posesión da titulación acreditativa **requirida** do coñecemento da lingua galega, **correspondente ao grupo ou subgrupo ao que se presenten**, deberán realizar un exercicio eliminatorio tipo test, que será cualificado como apto ou non apto, **tendo neste último caso carácter eliminatorio**. A dita proba será previa ao inicio da baremación dos méritos.

As persoas aspirantes na súa solicitude realizarán unha autoavaliable, indicando a puntuación máxima que consideran acreditada. A autoavaliable, deberá ir acompañada dos documentos que reflectan os méritos alegados na mesma para a súa validación polo tribunal correspondente. Este procedemento, así realizado, permitirá o coñecemento previo das puntuacións por parte das persoas aspirantes, o que en virtude da nota de corte establecida evitará, se así se decide, a concorrencia e consecuente pago das taxas e presentación de solicitudes.

Os méritos cualificaranse do seguinte xeito:

### 1. Méritos profesionais: Ata un máximo de **60 puntos 80 puntos**.

- a. Por servizos prestados na Administración Xeral da Xunta de Galicia ou no sector público da Xunta de Galicia e/ou nas entidades do seu sector público autonómico na escala ou categoría profesional, **0,333 puntos por mes** traballado ata un máximo de **80 puntos**. Ademais, por cada dez anos traballados na Administración Xeral ou no sector público da Xunta de Galicia, incrementarase a puntuación en 5 puntos ou na súa parte proporcional. Non sendo válida para ámbolos dous supostos. **20 anos máximo**
- b. Por servizos prestados na Administración Xeral da Xunta de Galicia e/ou nas entidades do seu sector público noutras escalas ou categorías profesionais, **0,2 puntos por mes** traballado ata un máximo de 80 puntos. Ademais, por cada dez anos traballados na Administración Xeral ou no sector público da Xunta de Galicia, incrementarase a puntuación en 5 puntos ou na súa parte proporcional.

Non sendo válida para ámbolos dous supostos. **33 anos máximo**

- c. Por servizos prestados nas administracións públicas distintas da Xunta de Galicia e/ou nas entidades do sector público, distinto do da Xunta de Galicia na mesma escala ou categoría profesional, **0,19 puntos por mes** traballado ata un máximo de 80 puntos. **35 anos máximo**
- d. Por servizos prestados noutras Administracións públicas distintas da Xunta de Galicia e/ou nas entidades do seu sector público, distinto do da Xunta de Galicia, noutras escalas ou categorías profesionais, **0,175 puntos por mes** ata un máximo de 80 puntos. **38 anos máximo**

En relación ao indicado con anterioridade, os servizos prestados computarán por igual a efectos de selección dunha praza na Administración Xeral ou nas entidades do seu sector público. Non obstante, o incremento de puntuación (factor multiplicador) só será válido na selección dunha praza de igual procedencia que aquela/as que aportan a puntuación por antigüidade, non sendo válida en caso contrario. Esta situación será asimilable aos servizos prestados en distintas entidades do sector público da Xunta de Galicia, sendo válida só na selección dunha praza na entidade que aporta a experiencia profesional.

## 2. Outros méritos: Ata un máximo de **20 puntos a obter entre os seguintes**

- a) Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación **impartidos ou recibidos**, organizados e impartidos directamente por:
  - 1) Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
  - 2) Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)
  - 3) Instituto Nacional de Administración Pública (INAP)
  - 4) Escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas
  - 5) Cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap)
  - 6) Cursos de formación, impartidos ou recibidos, organizados por universidades, organismos públicos ou privados, sempre e cando estean homologados e acreditados polas Administracións públicas.
  - 7) Cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estivesen homologados pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
  - 8) Cursos financiados ao amparo de programas da Administración que habiliten para a acreditación de certificacións das Cualificacións Profesionais (INCUAL)
  - 9) Cursos organizados e impartidos polos Entes Instrumentais
  - 10) Consellerías.
  - 11) Cursos das Universidades que non formen parte de titulacións académicas.

Para a súa baremación, as accións formativas deberán ter unha duración de 8 horas ou superior.

Para os efectos de puntuación desta epígrafe consideraranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola

EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP

**A puntuación máxima deste apartado será 10 puntos.**

1. **Cursos impartidos** de formación oficial administracións públicas (valorarase con 0,03 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 3 puntos por curso). **333 horas máximo**
  2. **Cursos recibidos** de formación oficial administracións públicas (valorarase con 0,015 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 1,5 puntos por curso). **666 horas máximo**
  3. **Cursos impartidos** de formación oficial das universidades, organismos públicos ou privados, sempre e cando estean homologados e acreditados polas Administracións públicas. Así como das entidades do sector público autonómico (valorarase con 0,02 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 3 puntos por curso). **500 horas máximo**
  4. **Cursos recibidos** de formación oficial das universidades, organismos públicos ou privados, sempre e cando estean homologados e acreditados polas Administracións públicas. Así como das entidades do sector público autonómico (valorarase con 0,01 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 1,5 puntos por curso). **1.000 horas máximo**
- b) **Galego:** coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de **5 puntos**.  
– Celga 3 ou equivalente: **2 puntos**.  
– Celga 4 ou equivalente: **3 puntos**.  
– Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: **4 puntos**.  
– Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: **5 puntos**.
- En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.**
- c) **Pola posesión de titulación académica igual ou superior á esixida como requisito de acceso para a escala ou categoría profesional, valorarase 1,25 punto por titulación, ata un máximo de 2,5 puntos.** Non se valorará a titulación achegada como requisito para o acceso.
- d) **Pola superación de exercicios de procesos selectivos** nesta Administración en convocatorias nos dez últimos anos ao remate do prazo de presentación de solicitudes **na última convocatoria** para o acceso á mesma escala ou categoría profesional **ata un máximo de 5 puntos, 2,5 puntos por ejercicio superado.**
- e) Por estar inscrito nas listas de contratación temporal elaboradas ao abeiro do Decreto 37/2006, ou anteriores derogados polo mesmo, ou nas listaxes de

agarda propias existentes nas entidades do sector público autonómico, e ter prestado servizos ao abeiro das mesmas na escala ou categoría profesional. Así como, ter superado proba selectiva para a contratación de persoal temporal, e ter prestado servizos ao abeiro da mesma na escala ou categoría profesional, ou acceder por selección realizada ao abeiro do regulado no artigo 7.5.b.1.2 do VCCU: **1,25 puntos: 2,5 puntos.**

- f) Outorgaranse 0,01 puntos por mes a aquelas persoas aspirantes que estean gozando ou gozasesen nos cinco anos anteriores ao remate do prazo de presentación de solicitudes dunha excedencia por coidado de fillos/as ou familiares; ou de permiso de lactación; ou de permiso por parto; ou de permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento; ou de permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, adopción ou garda con fins de adopción dun fillo ou filla. Esta circunstancia de ser o participante persoal da Administración da Xunta de Galicia incluído no ámbito de competencias da Dirección Xeral da Función Pública, apreciarase de oficio. A puntuación por este apartado non poderá superar os **0,5 puntos.**

#### **SOLICITO:**

Sexan tidas en consideración as presentes alegacións aos efectos de dar cumprimento ao trámite correspondente ao respecto dos baremos aos procesos selectivos indicados.

Santiago de Compostela 15 de xullo de 2022.

Lino Díaz Goás



Sº Sector de Autonómica UGT Servizos Públicos de Galicia.

#### **DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo Xunta de Galicia, San Caetano S/N. Santiago de Compostela.

## RECIBO DE PRESENTACIÓN EN EL REGISTRO ELECTRÓNICO DE LA XUNTA DE GALICIA

La solicitud, escrito o comunicación para Presentación electrónica de solicitudes, escritos y comunicaciones que no cuenten con un sistema electrónico específico ni con un modelo electrónico normalizado. presentada por LINO DIAZ GOAS con NIF 33302891H tuvo entrada en el Registro Electrónico de la Xunta de Galicia con los siguientes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	FECHA Y HORA DE LA PRESENTACIÓN	DESTINO
2022/1864239	15-07-2022 15:15	DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

La siguiente tabla incluye un resumen electrónico de la solicitud, escrito o comunicación presentada y, en su caso, un índice y un resumen electrónico de la documentación que se declara presentar:

Documento presentado	Nombre del archivo	Resumen electrónico del archivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitud	Solicitud-PR004A-20220715.pdf	9AC3F9564D25C5E5178FE40B2FA9519EB971540CFD4C 079BC8448179E83FBF51
Alegacions_UGT_borrador_criterios_concurso_concurso_op	Alegacions_UGT_borrador_criterios_concurso_concurso_op.pdf	4897F23F038BB77B7A044FDFBB9552ED95D08E34B3B8 DCD14AF46B1EDCE3437F

